



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

GRAO EN GALEGO E PORTUGUÉS: ESTUDOS LINGÜÍSTICOS E LITERARIOS

CURSO ACADÉMICO 2016/2017

TRABALLO FIN DE GRAO

Os casos de Leo Caldas

As novelas policiais de Domingo Villar e adaptación cinematográfica de A praia dos afogados

Ariadna Xesto García

Facultade de Filoloxía

Titora: Leticia Eirín García

Resumo

Neste traballo achegarémonos ás novelas de Domingo Villar, *Ollos de auga* (2006) e *A praia dos afogados* (2009), así como ao filme baseado na segunda delas e estreado no ano 2015. A publicación destas dúas obras e a súa boa acollida, tanto por parte do público lector como da crítica, supuxeron a súa consolidación no sistema literario galego como autor de novela criminal. Neste sentido, a súa tradución a diversos idiomas fixo tamén que pasase a formar parte do panorama internacional da novela policial.

No presente estudo realizaremos unha análise de ambas obras partindo dos parámetros deste subxénero narrativo para así percibirmos as súas características fundamentais, mais tamén os elementos evolutivos mais destacábeis da primeira á segunda novela. Deterémonos, finalmente, na adaptación cinematográfica baseada n'*A praia dos afogados* baixo a dirección de Gerardo Herrero.

Índice

Resumo	2
Introdución	4
1. A novela negra	6
1.1. Orixes e evolución	6
1.2. A novela negra en Galiza	9
2. <i>Ollos de auga</i> e <i>A praia dos afogados</i> , novelas policiais	10
3. <i>Ollos de auga</i> vs <i>A praia dos afogados</i> : unha comparativa	15
3.1. Narrador e personaxes	15
3.1.1. Leo Caldas	16
3.1.2. Rafael Estévez	18
3.1.3. Outras/os	20
3.2. Espazo	23
3.3. Humor e brutalidade	28
3.4. Elementos paratextuais	30
3.5. Outros	31
4. A película <i>A praia dos afogados</i> , de Gerardo Herrero	36
5. Conclusións	39
6. Bibliografía	40

Introdución

Para a realización deste estudo, comezaremos cunha breve contextualización e evolución da novela policial, en xeral e na Galiza, seguido das características deste subxénero presentes nas novelas de Domingo Villar. A seguir procederemos á análise dos elementos comúns e diferenciais entre *Ollos de auga* e *A praia dos afogados* –incluímos neste apartado os personaxes, o espazo, o humor e a brutalidade, os elementos paratextuais e outros- para finalmente concluír coa comparación entre a novela *A praia dos afogados* e a súa adaptación ao cine da man do director Gerardo Herrero. O obxectivo deste traballo é, pois, a análise pormenorizada dos elementos máis salientábeis destas dúas novelas e do filme da segunda delas. Empregaremos para isto os recursos que figuran na bibliografía final do traballo, sendo a maioría deles artigos de xornal e entrevistas realizadas ao autor nas que opina sobre os seus libros, e que se encontran na rede.

O autor das novelas que serán obxecto do noso estudo é Domingo Villar, nacido en Vigo no ano 1971 e licenciado en Historia pola Universidade de Santiago de Compostela. Escritor e xornalista é coñecido polo seu traballo como guionista de cine e de televisión. Actualmente, e desde hai mais de vinte anos, reside en Madrid, onde colabora ocasionalmente como crítico gastronómico e literario en programas de radio e tamén en diversas publicacións escritas.

A súa primeira novela policial foi a titulada *Ollos de auga* (2006), á que seguiu, tres anos despois, *A praia dos afogados* (2009), a cal o consagrou no panorama internacional da novela negra, obtendo un grande éxito en críticas e vendas así como múltiples traducións a diversos idiomas como o inglés, o alemán, o italiano, o ruso, o búlgaro ou o sueco. Este último libro foi adaptado ao cine no ano 2015, baixo a dirección do realizador español Gerardo Herrero e con guión do propio Domingo Villar e mais de Felipe Vega. Ademais débese mencionar que o autor está a escribir actualmente a terceira

novela protagonizada polo inspector Leo Caldas e que levará por título *Cruces de pedra*. Villar é un dos escritores actuais máis importantes da novela negra non só en Galiza, senón tamén en ámbito español. Cómpre mencionar que sempre escribe os seus libros en galego e se autotraduce ao español, tal e como afirma na seguinte entrevista:

Escribo inicialmente en gallego y voy traduciendo al castellano en el mismo día. Acabo a la vez en los dos idiomas porque utilizo la traducción como corrección. Los que tenemos la fortuna de tener dos lenguas maternas podemos hacer eso. El idioma es la paleta del escritor y la fortuna es poder utilizar dos, contrastarlas, apoyarme en una y otra y mal haría si no lo hiciera. Pero traducir no es cambiar palabra por palabra. Es descomponer el texto, bajar al sustrato y volver a montarlo, lo que permite ver toda la arquitectura interna, los entresijos, con mayor perspectiva (Míguez 2010).

Ollos de auga obtivo premios como o *Frei Martín Sarmiento*, *Premio Sintagma* e o *Brigada 21*. Mentres que *A praia dos afogados* pola súa banda, foi traducida ao polaco, italiano, alemán, francés, holandés, ruso, sueco e inglés e gañou recoñecementos como o *Premio Antón Losada Diéguez*, *Libro do ano* pola *Federación de Libreros de Galicia*, *Brigada 21* e foi finalista ao *Premio Libro do Ano do Gremio de Libreiros de Madrid*. Alén destes recoñecementos, cómpre destacar que foi nomeado *Autor do ano* pola revista *Fervenzas literarias* e obtivo o premio *Novelpol* que gañou en dúas ocasións, ademais de ter sido finalista dos *Crime Thriller Awards* e *Dagger International* no Reino Unido, do premio *Le Point du Polar Européen* en Franza e, finalmente, do premio da *Academia Sueca de Novela Negra*. O seguinte fragmento dá idea da magnitude do éxito das traducións das obras de Domingo Villar:

Los autores más prolíficos en este aspecto y que ayudaron a cambiar la dinámica hermética del gallego son, principalmente, Manuel Rivas, Álvaro Cunqueiro y Domingo Villar.

Estos tres escritores son los únicos que han superado la simbólica cifra de 1.000 ejemplares vendidos en alguna de sus obras tras traducirlos a otro idioma.

Manuel Rivas, sin embargo, destaca sobre Cunqueiro y Villar. *O lapis do carpinteiro*, por exemplo, es la obra en gallego más traducida de la historia, con un total de 37 traducciones y un rotundo éxito en su versión inglesa, donde incluso fue catalogada de lectura recomendada en el escaparate de Waterstone's, la principal librería del Reino Unido, cuando se publicó en 2001.

Merlín e familia, de Álvaro Cunqueiro, y *Ollos de auga*, de Domingo Villar, son los títulos traducidos al inglés más exitosos después de la obra de Rivas, pero sus cifras están bastante lejos de las aportadas por el escritor coruñés vendidos en alguna de sus obras tras traducirlos

a otro idioma (“Galicia se abre al mundo a partir de la traducción de sus obras literarias” 2016).

Noutro sentido, nas súas múltiples colaboracións na prensa escrita acostuma escribir relatos como por exemplo “Don Andrés o Guapo”, “Felipe o Mesías”, “Michael <<Chico>> Cruz”, “Os quince anos de Isabel Daponte”, “O santo de Bella Unión” ou a “Maruxaina e o señor Guillet” (todos eles escritos para *La Voz de Galicia*). Especial mención merece o conto publicado no xornal *El País* un ano despois de saír á luz *A praia dos afogados* e que leva por título “El último verano de Paula Ris”. Este relato ten por protagonista a un novísimo Leo Caldas, que, tras a terrible morte da irmán do seu amigo e a acusación de asasinato a unha persoa que podemos deducir que é inocente, decide que non futuro será inspector de policía:

—Al final lo han cazado —comentó su padre a la hora de la cena.

—Él no fue.

— ¿Cómo lo sabes, Leo?

—No fue -repitió, sin decirle que lo había visto en sus ojos desamparados, tan empañados como la copa en la que su padre bebía el vino.

Tampoco le contó que aquel hombre no tenía una moto en la que hubiera podido quemarse Paula Ris, ni le dijo que había decidido hacerse policía para permitir a otros uruguayos ver a sus hijos otra vez (Villar 2010).

1. A novela negra

1.1. Orixes e evolución

Segundo Xesús González Gómez na súa obra *A novela policial*, o primeiro asasinato realizado na literatura foi o levado a cabo na *Biblia* por Caín. Tamén foi o primeiro detective, posto que realiza unha investigación que o levará a descubrir que asasinou a Abel, seu pai. Con todo, o relato puramente policial xorde moito máis adiante no tempo concretamente no século XIX no que múltiples asasinatos poboan a literatura. O crime é un elemento estruturador de numerosas obras, dos contos populares ás traxedias barrocas.

Mais antes de continuarmos, debemos reparar en que entendemos por este subxénero:

Podemos definir como novela de crimen sólo aquella producción en la cual el delito no es tratado como un episodio o una motivación, sino como tema básico, del cual se derivan o con el cual están relacionados, en uno u otro grado, todas las acciones, dramas y conflictos humanos (Galán Herrera 2008: 59).

Na novela policial achamos diferentes categorías como por exemplo a novela problema, a novela enigma, novela negra, a novela neo-polar etc, polo que cómpre facermos unha pequena viaxe dende o seu nacemento até a actualidade para entender as semellanzas e as diferenzas entre elas.

En 1747 Voltaire crea con *Zadig ou o último destino* o primeiro detective literario, mais sen dúbida foi Edgar Allan Poe “o autor do primeiro relato puramente policial: *Os asasinatos da rúa Morgue*” (González Gómez 2002: 18), publicado no ano 1841. Allan Poe foi o inventor do suspense, fenómeno que ten como base a tensión da traxedia clásica. Alén disto, foi quen construíu os alicerces do xénero policial clásico ou novela problema, que posúe certas características: “el investigador inteligente, el problema aparentemente insoluble y la solución racional en las páginas finales que excluye elementos sobrenaturales. La violencia apenas existe” (Galán Herrera 2008: 61).

Na Europa nacen dúas escolas da xa mencionada novela problema, como son a francesa, na que é preciso salientarmos figuras como Gaborieau, Maurice Leblanc, Gaston Leroux e George Simenon, e a escola anglosaxona, na que destacan autoras e autores como G.K. Chesterton, Agatha Christie e Conan Doyle. Este último foi o creador do coñecido Sherlock Holmes, o cal serviu como modelo para multitude de escritores e fixo xurdir múltiples detectives literarios.

Franceses e ingleses foron, por tanto, os produtores da meirande parte da novela policial clásica, a cal se mantivo como modelo na Europa durante os anos 30 e 40. Nesta

etapa é cando xorde a coñecida como novela enigma, que difire nalgúns aspectos do modelo previo:

Es la novela de enigma que surge desde el crimen pero que pone el acento en el despliegue racional ejecutado por el policía. Hay una búsqueda de la verdad con un método racional. Los enigmas se resuelven a través del método de investigación seguido por el detective, que se convierte así en el héroe moderno, restituidor del orden. Lo importante es resolver el crimen y cómo lo consigue resolver. El crimen está rodeado de pistas que ayudarán a la resolución. Se estudia como un objeto científico (Galán Herrera 2008: 61).

Xa na segunda década do XX, asistimos a unha mudanza temática e estrutural, no que todo está a mudar:

Ahora, el detective es un personaje falible, que se ve afectado por el enemigo, que está bajo presiones sociales y que revelará no sólo las verdades circunstanciales, sino también las humanas. (...) La transformación del personaje del detective ahora como un ser falible y duro modifica sustancialmente el relato policial clásico (Galán Herrera 2008: 61-62).

Segundo Todorov (Galán Herrera 2008: 61), a novela enigma componse de dúas historias: a do crime que conta o que ocorreu, e a da investigación que explica o proceso do coñecemento dos feitos por parte do lector e do narrador. Na novela negra, pola contra, temos a fusión de ambas nunha soa ou a desaparición total da primeira delas, posto que a máis relevante é a segunda, a investigación do crime:

Ya no se narra un crimen anterior al momento del relato, sino que este último coincide con la acción. Así, se produce un desplazamiento del foco del relato. Si antes el foco se situaba en el proceso mental y lógico para la resolución de misterios que obligaba al detective a mirar atrás, ahora se produce una sustitución esa retrospcción a favor de la prospección.

El crimen ocupa ahora un lugar privilegiado y es el reflejo de la sociedad. Hay sangre y violencia. El foco ya no se centra en la resolución del enigma, se centra en el crimen. Se ha pasado del cómo al por qué. Ha pasado de ser un entretenimiento matemático a un entretenimiento literario. Importa cómo esté narrada (Galán Herrera 2008: 62).

Esta é a orixe da novela negra, cuxo nome foi fixado polo francés Marcel Duhamel, quen creou a 'Serie Noire' en 1945.

Nos anos sesenta o consumo da novela negra aumenta en ámbito inglés, francés, e tamén norteamericano. Este pulo pode ser o que explique que tan só oito anos despois

xorda o neo-polar no cal, á diferenza do que acontece na novela negra, o mal radica no estado e non nas organizacións criminais.

Finalmente, e para concluímos este plano xeral das orixes e evolución da novela policial, cómpre indicar que dende hai uns dez anos este xénero literario se diversificou e fusionouse con outros subxéneros narrativos xa que temos novela policial histórica, psicolóxica, literaria ou metafísica, por exemplo. O propio Domingo Villar tenta procurar unha explicación ao éxito de público que acadou esta tipoloxía de novela nos últimos tempos:

Yo creo que un motivo para el éxito de la novela negra puede estar en que en un momento de tanta incertidumbre como el actual, la novela negra ofrece la seguridad de que al final va a imperar el orden. Por más que la historia pueda acabar como el rosario de la Aurora, el caso acabará por resolverse. No es mala recompensa (“Entrevista con Domingo Villar” 2009).

1.2. A novela negra na Galiza

Crime en Compostela de Carlos R. Reigosa, do ano 1984, está considerada a primeira novela policial publicada en ámbito galego. Nunha entrevista realizada a Domingo Villar polo alumnado do IES Manuel García Barros, pregúntanlle pola relación entre o apelido do escritor galego e o do primeiro asasinado, de *Ollos de auga*, xa que tamén se apelida Reigosa:

É curioso que o morto do meu primeiro libro se chame Reigosa, como o autor de *Crime en Compostela*. Bauticeino así sen decatarme da coincidencia, pero Carlos Reigosa ten o convencemento freudiano de que todo foi unha escusa para matar ao pai (o pai da novela negra galega, enténdese) ás primeiras de cambio. O certo é que Carlos Reigosa é un escritor soberbio e un home encantador e sabio. O mesmo ten razón. O máis interesante da novela negra, ao meu ver, é que retrata a sociedade na que se desenrolan os crimes e a investigación que o autor vai narrando. Isto vale para amosar como é a vida en Galicia ou en Bangkok. Calquera escaerio e bo (“Literatura Galega do Século XX e da Actualidade: Domingo Villar” 2013).

Na nosa literatura os antecedentes do relato policial “están marcados por relatos curtos, non propiamente policiais, ou sen intención de selo. Ás veces só son experimentos,

outras relatos ou novelas de corte máis ou menos criminal” (González Gómez 2002: 76). Tendo isto en conta, poderíamos considerar como precursores a Ánxel Fole e Bernardino Graña.

En 1987, e da man de Xavier P. Docampo, nace a segunda novela policial galega: *A chave das noces*. Mais foi no ano 1989 cando “o semanario *A nosa terra* dedica un dos seus ‘Cadernos’, o do Día das Letras, ao relato policial. Foi o verdadeiro pistoletazo, xa que a partir dese momento comezan a saír novelas e libros de relatos policiais” (González Gómez 2002: 77).

E o autor que nos ocupa, Domingo Villar, xustifica coas seguintes palabras a súa preferencia por este subxénero narrativo:

En mis novelas me gusta dejar espacio para que el lector pueda hacer conjeturas, darle aire, mostrarle pistas falsas, llevarlo por caminos diferentes. Como decía Italo Calvino, la diversión es cosa seria. Me gusta que la literatura me emocione y también que me divierta. Lo de elegir el género tiene que ver con la ambición de todo escritor de mantener intrigado al lector, de que quiera conocer lo que va a suceder en la línea siguiente. A mí me resultaba más sencillo mantener su atención con la excusa de una investigación policial (“Entrevista con Domingo Villar” 2009).

2. *Ollos de auga* e *A praia dos afogados*, novelas policiais

Neste punto seguiremos os criterios establecidos para a novela policial ou novela negra expostos por Juan José Galán Herrera no seu artigo “El canon de la novela negra y policíaca”, mais consideramos necesario deternos previamente no argumento de *Ollos de auga* e *A praia dos afogados* para contextualizar a posterior exemplificación.

Na primeira novela do escritor, *Ollos de auga*, o comisario Soto da policía de Vigo encárgalles ao inspector Leo Caldas e o seu axudante zaragozano Rafael Estévez, recién chegada a Galiza, resolver un crime. No seu dúplex na illa de Toralla, Lois Reigosa, saxofonista de jazz, é atopado morto pola empregada do fogar. Coa axuda de Clara Barcia

e Guzmán Barrio, membros da UIDC, establécese a causa da morte e caen na conta de que o/a asasino/a posúe coñecementos médicos. Cando Leo e o seu axudante –con sona en toda a comisaría polo seu mal carácter e agresividade– dan comezo á investigación desta morte, coñecen aos compañeiros de grupo de Reigosa os cales lle comentan, entre outras cousas, que o seu amigo era homosexual e que as veces ía a un pub, o Idílico. Alí entran en contacto co picadiscos Orestes Rial, que acabará por se converter na segunda vítima do asasino/a. As dúas mortes están claramente relacionadas, e durante a investigación da segunda descubren no computador de Orestes que estaba a chantaxear mediante fotos a Reigosa e ao seu amante Dimas Zuriaga. Este último, propietario da prestixiosa fundación Zuriaga, estaba casado cunha muller e mantiña unha vida privada moi reservada. Todo indica que o doutor Zuriaga é o culpable, máis cando xa se daba o caso por cerrado, Leo Caldas percátase dun detalle que fai que todo mude inesperadamente. Pipo, o can de Isidro Freire, aparece na casa de Dimas e Mercedes Zuriaga. Tanto o inspector como o subinspector recoñecen o can e percátanse de que Mercedes e Isidro están xuntos e son os verdadeiros asasinos.

A segunda novela, *A praia dos afogados*, comeza cando aparece o cadáver dun mariñeiro na praia da Madorra. Todo apunta a que foi un suicidio, rodeado das supersticións e historias de pantasmas que narran os habitantes da vila. Mais despois de establecer que se trata dun asasinato, Leo Caldas e Rafael Estévez pasarán a formar parte da vila mariñeira de Panxón para intentar esclarecer que lle pasou a Xusto Castelo. Alén disto, e arredor da figura do finado, farán outros descubrimentos e resolverán asuntos que permaneceran sen aclarar até ese momento, dándolle unha resposta lóxica e razoábel ás historias fantásticas que se contaban nun primeiro momento. Nelas os habitantes da vila mariñeira aseguran que Xusto viu a fantasma do capitán Sousa mentres faenaba e que este suceso foi o que o matou. Nesta aventura, Leo Caldas verase un pouco afectado na súa

vida persoal xa que o seu tío Alberte está enfermo e a súa colaboración en Onda Vigo, pois Caldas é “o patrulleiro nas ondas”, estáselle a facer cada vez máis insoportábel . Pola súa banda, o seu axudante seguirá intentando adaptarse á forma de ser galega sen moito éxito, xa que a súa paciencia coa ambigüidade e o clima galego segue a ser moi limitada.

En referencia aos parámetros que unha novela policial ou negra debe seguir temos, en primeiro lugar, a lingua, que debe ser de estilo realista, a lingua coloquial, debe utilizarse a xerga adecuada en cada momento. Domingo Villar cumpre con este requisito xa que en *Ollos de auga* se empregan termos relacionados coa medicina e os fármacos e *Na praia dos afogados* a linguaxe correspóndese máis co argot falado nun ambiente mariñeiro. A lingua polo tanto reflicte ao ámbito e ás persoas que a empregan. Alén disto, a abundancia de diálogos móstranos a psicoloxía das personaxes e é un recurso óptimo para lle dar realismo á novela. As descrições realizadas son breves e visuais, xa que o que prima no xénero non é a descriptividade, senón que é precisa para a correcta interpretación dos feitos.

En segundo lugar temos de facer referencia ao narrador, nas novelas de Domingo Villar o narrador é omnisciente e intercala moi habitualmente, e como se dixo previamente, multitude de diálogos sobre todo entre o protagonista, o inspector Leo Caldas, e o seu axudante Rafael Estévez. Mais neste subxénero é habitual que o narrador sexa o protagonista e apareza en primeira persoa.

No que di respecto aos personaxes, o principal adoita ser o detective. Leo Caldas correspóndese co investigador padrón das novelas policiais, xa que sae a rúa a buscar algo que na maioría das veces non sabe o que é. Polo tanto é intuitivo e non fica nunca parado na oficina demasiado tempo.

En cuarto lugar, nestes parámetros a seguir da novela negra, temos o tempo. Ambas novelas teñen en común que os relatos son lineais e van sempre cara adiante, o coñecemento dos feitos pasados chegan ao mesmo tempo, contemporaneamente ao investigador e ao seu axudante como aos lectores grazas á información proporcionada por terceiros:

En muchas ocasiones son conductistas. El narrador nos lleva de la mano como si de una cámara se tratase, se hace una descripción pormenorizada de cada uno de los movimientos de los personajes, señalándose la hora precisa en la que se producen, con un seguimiento absoluto de sus pasos. Esto es muy útil para mantener la tensión (Galán Herrera 2008: 65).

Como nos indica Galán Herrera, a narración sempre é posterior aos feitos e sempre está narrada en tempo pasado, mais o uso dos diálogos situados no presente provócanos unha sensación de inmediatez. Cómpre resaltar aquí a diferenza entre a primeira e a segunda das novelas no tocante a este apartado do tempo, pois mentres que *Ollos de auga* segue fielmente o esquema que vimos de citar, en *A praia dos afogados* resulta máis complexo. Nesta última novela, Leo e Estévez están a investigar o asasinato de Xusto Castelo, mais coa resolución deste acaban por descubrir outros dous crimes cometidos no ano 1996, que tamén resolven, pois todos estaban relacionados. Por tanto, nesta segunda novela non só temos referencias temporais presentes e pasadas próximas senón que tamén aparece un pasado previo afastado.

A información, en suma, chéganos pouco a pouco, igual que ao protagonista Leo Caldas, de maneira que poidamos, tal como el, atar cabos e identificar o criminal, sendo polo tanto partícipes da resolución do misterio plantexado.

En quinto lugar, debemos falar do espazo. Normalmente as novelas negras ou policías están situadas en ámbitos eminentemente urbanos:

(...) En la novela urbana, a pesar de la incommensurable variedad que ofrece la ciudad y con la intención de aprovechar las ventajas de la serie narrativa, “los autores acostumbran a mantener una serie de lugares comunes invariables –barrios, ambientes, restaurantes, etc.–,

siempre habitados por los mismos secundarios, por los que habitualmente pasa su personaje” (Sánchez Zapatero y Martín Escribà 2010: 295). Esa continuidad en la elección de los espacios forma, como vemos, una doble capa superpuesta: el placer como lector de reconocer los lugares que poblaron las obras anteriores y, desde la perspectiva estrictamente policiaca, la gratificación de ir reconociendo esos espacios a medida que avanza la serie del detective (Feijoo Morote 2016: 21).

Resultan ser de grande valor para este xénero porque é onde adoita ter lugar o crime. Como vemos nas novelas de Domingo Villar, a cidade escollida polo autor é a súa cidade natal: Vigo. Leo Caldas vese obrigado a saír da súa rutina diaria e a visitar lugares que, pouco ou nada, teñen que ver con el ou co seu estilo de vida, como por exemplo en *Ollos de auga* cando ten que visitar un pub de ambiente, o Idílico, para falar con Orestes Rial, o picadiscos dese local.

Os espazos comúns en ambas as novelas son sempre os mesmos, os que adoita recuentar o noso protagonista, como por exemplo a comisaría, a radio, a taberna o Elixio ou o bar Puerto. Mais cómpre salientar que, a diferenza do que acontece na primeira novela, ambientada na cidade viguesa e os seus arredores (como por exemplo a illa de Toralla), na segunda novela aparecen moitos espazos que o autor nos fai percorrer xunto con Caldas, fóra da cidade, xa que non existen os espazos seguros na novela negra. En calquer momento e lugar pode acontecer un crime, incluso en lugares onde todo o mundo se coñece, coma neste caso as vilas mariñeiras, e onde aparentemente a conflictividade e a violencia é inexistente. *Na praia dos afogados* visitaremos o ambiente mariñeiro das vilas de Panxón e Aguiño, onde os habitantes cren que o morto se suicidou por mor do fantasma do Capitán Sousa, xa que non pensan que entre eles poida vivir un asasino: “(...) de hecho, en estas novelas, tienen una importancia radical pues aparece la necesidad de la sociedad (...) de identificar al elemento criminal como algo que viene de fuera, ajeno a su sistema” (Feijoo Morote 2016: 22). O rural tamén está representado nesta novela polos viñedos do pai de Leo, situados nunha pequena vila apartada da cidade viguesa.

En sexto lugar teríamos a acción, encamiñada a resolver o problema ou misterio plantexado. Mais tamén se dá conta aquí da violencia e criminalidade cotiá, do que move os criminais a matar a xente, o cal xustifica a existencia do relato dende o comezo até o final. No caso das novelas de Villar, vemos isto reflexado na brutalidade cometida nos crimes, xa que os mortos que nelas aparecen como Lois Reigosa por exemplo, morren lentamente e con moita dor.

Finamente temos a intención de crítica social. Os autores deste xénero literario non só buscan o entretemento dos lectores senón que tamén procuran dar conta das inxustizas de todo tipo que están a acontecer na realidade do seu tempo, así tanto en *Ollos de auga* como *Na praia doa afogados* fica patente a crítica aos medios de comunicación ou aos desastres arquitectónicos costeiros ou das vilas mariñeiras.

3. *Ollos de auga* vs *A praia dos afogados*: unha comparativa

Este apartado procura unha análise pormenorizada dos puntos máis relevantes que teñen en común ambas novelas, alén dos puntos disidentes. *A praia dos afogados* é a segunda entrega do autor/ dos casos policiais de Leo Caldas e podemos apreciar unha notábel evolución neste segundo libro en diferentes aspectos como nos personaxes, nos espazos, nos crimes etc.

3.1. Narrador e personaxes

Tanto os personaxes principais, o inspector Leo Caldas e o seu axudante Rafael Estévez, e outros secundarios como o pai de Leo, Alba, o comisario Soto, Santiago Losada, os membros da UIDC (Clara Barcia e Guzmán Barrio) ou Carlos (propietario do bar Elixio) e Cristina (camareira do bar Puerto) son comúns a ambas as novelas. En *Ollos de auga*

preséntansenos todos eles xunto coa relación que manteñen entre si, mais n’*A praia dos afogados* ofrécensenos novos datos, afóndase nas súas relacións e personalidades, á vez que aparecerán outros novos como Alberte, o tío de Leo, ou o axente Ferro da UIDC, por exemplo.

3.1.1. Leo Caldas

Na primeira das novelas o escritor fainos saber que Leo Caldas é un inspector policial que vive centrado exclusivamente no seu traballo, que é un home solitario tal e como recolle Rivero Grandoso:

Villar construye un personaje solitario y un tanto apático, con pocas personas a su alrededor, que son principalmente su padre, con el que mantiene una relación algo áspera, sin un trato excesivamente fluido, aunque en la segunda novela intiman más por la enfermedad del tío de Leo, Alberte; y Carlos, el dueño de la taberna Elixio. Aunque Leo está unido afectivamente a estos dos hombres, es una persona cerrada que no muestra sus sentimientos, de tal forma que vive por y para su trabajo (Rivero Grandoso 2011: 112).

Tamén podemos apreciar que é un home de costumes, xa que por exemplo frecuenta os mesmos sitios para xantar, cear e sempre baixa un chisco a xanela cando vai no coche porque ten tendencia a marearse. Ademais colabora semanalmente nun programa de radio na Onda Vigo que ten por nome “Patrulla nas ondas”. Nunha entrevista concedida ao xornal *El país*, o autor manifestou que hai certas similitudes, mais tamén diferenzas, entre a súa vida e a do seu personaxe:

Los personajes literarios son vivíparos, nacen vivos de su autor y es lógico que todos tengan algo de su carga genética. Leo Caldas vive en Vigo, donde yo nací y crecí y, como yo, colabora en un programa de radio, frecuenta la taberna de Eligio y el Bar Puerto, tiene un padre bodeguero al que adora... Pero él ha renunciado a formar una familia y yo la tengo, él es más valiente que yo, más tenaz, menos fantasioso... (“Entrevista con Domingo Villar” 2009).

Ao redor del xorden outros dous personaxes (*Na Praia dos afogados* serán tres incluíndo o tío Alberte, mais tamén é preciso mencionar a nai de Leo) cos que mantén unha relación familiar ou de carácter sentimental.

Así, intuímos que Alba foi parella súa mais xa non o é. Porén, na segunda novela, esa conxectura previa pasa a ser unha confirmación e ofrecéennos máis datos como que unha das causas da súa ruptura foi que ela quería ter fillos, desexo non compartido por Leo: “yo creo como usted que Alba abandonó a Leo caldas por su falta de compromiso. Él no quiere cargar con la responsabilidad que supone formar una familia y es consecuente hasta el extremo de perder a la mujer amada. Me da pena y envidia a partes iguales este Leo de principios tan sólidos” (“Entrevista con Domingo Villar” 2009). Outro dos motivos da separación foi a excesiva esixencia do seu traballo, como vemos neste comentario do autor:

Adicouse por enteiro ao seu traballo, o cal tamén foi outro motivo de discordancia na parella, “yo creo que un investigador de homicidios (como un médico de urgencias, un actor o un periodista, por ejemplo) tiene un trabajo que complica las relaciones de pareja, con jornadas muy extensas y un trabajo que exige de ellos el cien por cien de su atención (“Entrevista con Domingo Villar” 2009).

Ao separarse el sofreu moito e non verbalizaba a súa dor, xa que en *Ollos de auga* tentaba non contarlle nada a seu pai a respecto da súa ruptura con Alba, mesmo facía o posíbel por non velo para evitar que lle preguntase por ela, como vemos neste fragmento da novela:

A conversa acerca do viño fixo que Caldas pensase no seu pai, a quen cada vez lle custaba máis saír do seu mundo poboado de videiras para achegarse á cidade. Non o vía dende había semanas, e non se puidera negar a asistir ao encontro cando o pai llo pediu por teléfono. Porén, o inspector non estaba seguro de que lle apetecese o xantar do día seguinte. Tería que acudir só unha vez máis. Sen Alba e sen respostas (*OA 92*)¹.

¹ De aquí en diante *AO* (*Ollos de auga*: 2006) seguida do número de páxina correspondente á cita.

O tío Alberte, pola súa banda, realizará unha función moi importante na relación entre o pai e o fillo, xa que a relación paterno-filial que se nos amosa na primeira novela resúltanos algo distante e fría. A preocupación de ambos pola saúde de Alberte fai que se vexan, que se encontren e se unan progresivamente, que se sinceren o un co outro, que Leo lle fale sobre Alba ao pai e que o pai lle fale sobre a defunta nai a Leo e como o afectou a súa perda. No segundo capítulo de *A praia dos afogados* que leva por título “Rescaldo”, nárrasenos a historia do padecemento do pai do inspector logo de falecer a súa muller e de como a ilusión da plantación da viña fixo minguar a súa dor, ademais de decidir cambiar a vida na cidade pola saudábel vida no campo e os seus comezos como bodegueiro: “as terras que apareceran como un acougo para o seu desánimo convertéranse nun negocio próspero, e as noites de laios pasaron a ser só unha sombra na memoria. O mesmo viño que afundira a tantos homes salváralo (PA 15)²”.

3.1.2. Rafael Estévez

Outro dos protagonistas é Rafael Estévez, cuxa personalidade tamén aparece moito máis desenvolvida na segunda das súas novelas. Na primeira descríbese como un membro do corpo policial zaragozano trasladado a Galiza. Esta mudanza vén dada polo seu xeito de comportarse impulsivo e mesmo violento en ocasións, o cal lle provocou, provoca e provocará numerosos conflitos. Ademais disto, a súa adaptación á climatoloxía e ao modo de ser dos galegos –tan diferente do seu– está a ser máis complexa e lenta do desexábel, como podemos ler a continuación:

Rafael Estévez recalara en Galicia poucos meses atrás. O seu traslado debíase, segundo se murmuraba na comisaría, a un castigo imposto por alguén na súa Zaragoza natal. O axente aceptara sen especial desagrado traballar en Vigo, aínda que había varias cousas ás que lle estaba a custar un pouco máis do tempo previsto acostumarse. Unha era o impredicíbel do clima, en variación constante, outra era a continua pendente das rúas da cidade, a terceira a

² De aquí en diante PA (*A praia dos afogados*: 2009) seguida do número de páxina correspondente á cita.

ambigüidade. Na recia cachola aragonesa de Rafael Estévez as cousas eran ou non eran, facíanse ou deixábanse sen facer, e supoñíalle un esforzo considerábel desenlear as expresións cargadas de vaguidade dos seus novos veciños (OA 16-17).

Para alén do seu mal temperamento, cómpre destacar o seu aspecto físico, importante xa que se establece unha relación entre o físico e o moral ao aparecernos descrito como un home grande, corpulento e que intimida co seu aspecto, verbalmente e case físicamente se Cadas, como podemos apreciar no exemplo a seguir, non chega a actuar:

-Son a muller da limpeza. O meu traballo consiste en recoller cada cousa e limpala-contestou María de Castro ofendida-. Seica probou vostede a limpar algo sen tocalo, axente?

O enorme policía arrimouse agresivamente á mesa na que se sentaba á muller.

-Señora, vostede non me vai tocar as pelotas-advertiulle, co dedo furabolo estendido.

Caldas afastou a Estévez cun empurrón e pediulle á arrepiada muller que marchase. Tivo que axudala a se incorporar, pois un calafrío a empequenecera até facela case que desaparecer debaixo da mesa (OA 56-57).

Tendo todo isto en conta, o comisario Soto decide convertilo en compañeiro do inspector Leo Caldas, de carácter moito máis tranquilo e benevolente. Pensa que esta relación pode ser beneficiosa para ambos e aínda que Leo en máis de unha ocasión se ve envolto en situacións de conflito provocadas polo seu axudante, acabarán por necesitarse mutuamente para resolver os casos. Para o autor Rafael Estévez supón en moitos aspectos o contrapunto perfecto de Leo Caldas, é o compañeiro preciso e ideal á semellanza de tantos pares ou binomios presentes na literatura policial como Holmes e Watson etc: “yo lo encuentro directo e impulsivo, pero también sensible a su manera. Es él quien se fija en los paisajes o en los aromas, quien insiste en señalar que la soledad no ayuda al inspector... Además, centra a un tipo tan taciturno como Caldas, lo espolea” (“Entrevista con Domingo Villar” 2009).

Na segunda novela acrecéntasenos máis información sobre o axente, como por exemplo que ten unha relación amorosa. Non sabemos quen é, tampouco é algo que se

nos conte precisamente as claras, mais hai indicios que confirman as nosas sospeitas como lectores, aínda que non se nos ofrecen máis datos sobre a identidade da súa parella:

(...) Abriron o maletreiro e repartiron os dous quilos de percebes mercados ao furtivo.

-Nunca os probei-confesou ao aragonés.

-Pois un quilo non está mal para ser a primeira vez-chanceouse Leo Caldas-. Explícoche como se preparan?

-Se non lle importa...

(...)

O aragonés abriu a porta do coche e, antes de sentar ao volante, sinalou a bolsa colgada na man do inspector.

-Vostede cre que lle gustarán?

-A quen?

-Xa sabe...

Leo Caldas mirou os percebes.

-Estou seguro de que si-respondeu-.Bastante máis ca as ensaladas (PA 347-348).

3.1.3. Outras/ os

Alén dos xa citados previamente e comúns a ambas novelas, temos que mencionar a Lois Reigosa, co que da comezo a novela por ser a primeira vítima. Sabemos del que era saxofonista de jazz, tocaba nun grupo xunto con Arthur O’Neal (contrabaixista irlandés) e Iria Ledo (pianista e vocalista), que vivía só nun dúplex na illa de Toralla e que era homosexual. O alcumado “olliños”, a pesar de ter unha parella relativamente estábel, mantiña relacións esporádicas con outros homes de cando en vez. A súa nai, natural de Bueu, non estaba ao tanto da vida amorosa do fillo, así como tampouco María de Castro Raposo –empregada do fogar deste–.

Ou quen si coñecía os detalles amorosos na vida de Lois Reigosa era o seu amigo Orestes Rial. Este último, que traballaba como picadiscos no pub ‘Idílico’ -lugar frecuentado por Reigosa- será tamén asasinado. Orestes estaba ao tanto da relación que

mantiña Reigosa con Dimas Zuriaga, así que decidiu chantaxear a este último amenazando con publicar unhas fotografías nas que Dimas estaba co seu amante en actitude moi cariñosa. Dimas Zuriaga era moi reservado coa súa vida privada, sobre todo se temos en conta a súa alta posición social e económica ao ser o propietario da Fundación Zuriaga e que estaba casado con Mercedes desde había moitos anos. En inicio todo apuntaba a que o asasino era Dimas Zuriaga, mais coa intervención de Pipo, o can de Isidro Freire, caemos na conta de que Mercedes e Isidro son amantes e teñen moito que gañar se quedan con toda a fortuna de Dimas Zuriaga para eles.

Unha mañá aparece o corpo dun mariñeiro afogado na praia da Madorra. Era o corpo de Xusto Castelo ‘O rubio’, natural da vila mariñeira de Panxón. Ao comezo pensábase que se trataba dun suicidio mais logo de que o forense examinase o cadáver detidamente, confirmouse o asasinato. A familia que tiña Xusto Castelo eran a nai e Alicia, a súa irmá, que vivían xuntas e se facían compañía nas longas ausencias do marido de Alicia, embarcado nun pesqueiro en Namibia, África. Logo de interrogar a Alicia Castelo, Leo Caldas decide focalizar a súa atención nos outros mariñeiros da vila. Acode á lonxa de Panxón e alí coñece a Ernesto Hermida e a súa muller, que vira partir o finado no seu barco a mañá do día en que morreu.

Xusto Castelo, Ernesto Hermida e Xosé Arias eran os tres pescadores de baixura de Panxón. Este último estivo moito tempo fóra, logo de afundir o barco no que traballaba, o coñecido como o “Xurelo”, e regresara había pouco. Arias é home de poucas palabras e no transcurso da novela sabemos que é amante de Alicia Castelo.

Marcos Valverde foi outro dos tripulantes dese navío afundido, mais el, a diferenza de Arias e Xusto, deixou o mar e adicouse a outros negocios. Agora era un adañeirado construtor e tamén posuía viñas, igual que o pai de Leo. Vivía nunha luxosa casa coa súa fermosa esposa de orixe madrileña, Ana Valdés.

“O Xurelo” polo tanto, era un pesqueiro que afundira o día vinte de decembro de 1996 e que estaba tripulado polo Capitán Sousa –falecido no naufraxio–. Nun primeiro momento, durante a investigación de Leo Caldas en relación co asasinato de Xusto Castelo, pensaron na posibilidade de que o asasino fose o fillo do capitán, Xerardo Sousa, mais este traballaba e vivía en Barcelona polo que estaba posibilidade se desbotou de inmediato. Leo Caldas acode a Manuel Trabazo, un médico xubilado de Panxón, amigo do pai de Leo e casado coa súa amable muller Lola. El cóntalle ás claras o que se sabe do sucedido naquela tormentosa noite de hai xa tantos anos onde morrera o capitán. As fotos e noticias relacionadas co afundimento do “Xurelo” fóronlle proporcionadas a Leo polo sacerdote Don Fernando, do Templo Votivo do Mar en Panxón. O noso investigador descubre que na mesma data na que o “Xurelo” afunde desaparece unha muller en Aguiño. Intúe que ambos feitos teñen relación así que unha vez na vila mariñeira de Aguiño fala coa farmacéutica, que era amiga da desaparecida Rebeca Neira Díez ou Rebeca “a primeira”. A farmacéutica era Irene Vázquez e ela sabe que a súa amiga non está desaparecida, que a súa amiga está morta. O home que levou o caso de Rebeca era o subinspector, agora xa xubilado, Somoza. Mais el non coñecía tan ben a súa fermosa amiga como Irene, a cal sabía que Rebeca nunca deixaría ao seu fillo pequeno só, Diego Neira Díez.

Como descubriremos a medida que vaíamos vendo esta segunda novela, Xusto Castelo, o Capitán Sousa e Rebeca Neira foron todos asasinados pola mesma persoa, que será descuberta grazas ao noso investigador Leo Caldas e o seu fiel axudante Rafael Estévez.

3.2. Espazo

No referente ao espazo, é preciso realizarmos unha diferenza entre os macroespazos e os microespazos, así como entre os espazos exteriores, máis presentes n'*A praia dos afogados*, e os interiores.

O primeiro e máis destacábel é que nas dúas novelas de Domingo Villar sempre está presente unha cidade, Vigo, a cal se encontra perfectamente descrita como nos conta o propio autor na entrevista a seguir:

Y lo cierto es que situando mis novelas en Vigo puedo estar de vuelta en sus calles cada vez que me siento a escribir. De manera que al ambientar las tramas en mi tierra no me mueve la voluntad de hacer patria sino la intención de regresar a casa. Digamos que escribir es mi terapia contra la nostalgia (Cordeu 2016).

Villar nos desvela las diferentes capas y estratos de una ciudad «tendida junto a la ría como una mancha» que se extiende y prolonga por ese brazo de mar lleno de recovecos y rincones insólitos (Mazorra 2011).

Malia que non é o primeiro escritor en ambientar as súas novelas en dita cidade, si é un dos máis relevantes nos últimos tempos:

Si bien la presencia literaria local se remonta a la Edad Media, cuando Martín Códax inmortalizó las olas del mar de Vigo en sus cantigas de amor, fue en 1870 cuando Julio Verne la que perpetuó el nombre de la ciudad en la literatura al titular el capítulo ocho de “20.000 leguas de viaje submarino” como “La bahía de Vigo”, donde el capitán Nemo iba en busca del oro de Rande.

Este año, 2014, también enriqueció el carácter novelesco vigués. Así, Alfonso Álvarez Cáccamo recupera parte del legado local con “Os Gotten”, descubriendo retazos de una familia de conserveros, o Elena Gallego Abad que en su serie de asesinatos en “Sete caveiras” analiza el crimen desde la visión periodística.

Pero sin duda los dos escritores de novela negra que pusieron de moda a Vigo en los círculos literarios fueron Domingo Villar, con los dos casos del inspector Leo Caldas en “Ollos de auga” (2006) y “A praia dos afogados” (2009), y Pedro Feijoo, con “Os fillos do mar” (2012) (Baena 2014).

En ambos libros de Domingo Villar hai lugares da cidade viguesa onde o noso protagonista Leo Caldas acode sempre que pode, xa que ao igual que o propio autor, é un amante da gastronomía galega; estes son a taberna do Elixio (da propiedade de Carlos) e

o Bar Puerto (cuxa camareira é Cristina). Na “nota do autor” situada ao final de *Ollos de auga*, o escritor acláranos que a descrición da cidade de Vigo xunto con estes dous locais e estas dúas personaxes na ficción e persoas na vida real, correspóndese totalmente coa realidade. Villar considera necesaria a descrición desta cidade galega a través non só das súas xentes, costumes etc, senón tamén por medio da comida e bebida³, tal e como el mesmo expresou nunha entrevista: “supongo que debe ser la literatura la que trate de excitar los sentidos del lector para trasladarlo a los escenarios que describe. En Galicia, cualquier celebración tiene su reflejo en la mesa. Si omitiera sus aromas resultaría complicado describirla” (Cordeu 2016).

Cómpre mencionar que o Elixio é un lugar moi venerado tamén pola súa localización central, pola súa antigüidade e sobre todo pola súa ilustre clientela como se nos indica neste artigo a seguir:

El que más echará en falta el Eligio es el personaje principal de La playa de los ahogados, el inspector Leo Caldas, quien acude constantemente a la taberna de Carlos.

Al fallecer el fundador, a mediados de los ochenta, se hizo cargo del negocio su yerno Carlos Álvarez, quien lo ha mantenido hasta ahora. El sucesor ha sabido conservar el espíritu de los años sesenta, cuando el Eligio era frecuentado por Celso Emilio Ferreiro, Cunqueiro, Blanco Amor, Laxeiro, Maside, Lodeiro y Lugrís, por citar solo algunos ejemplos (Fuente 2015).

A primeira novela tamén se sitúa na illa de Toralla (xa que na torre de Toralla é onde aparece o primeiro dos finados) e noutros lugares como o cemiterio, o pub de ambiente o Idílico e a casa e a fundación de Dimas Zuriaga, por exemplo. Na segunda obra o autor lévanos fundamentalmente a Panxón (unha pequena vila mariñeira á que cada vez acoden máis veraneantes) e a Aguiño, aínda que percorremos moito máis da costa galega polo mar a través da reconstrución do crime de Xusto Castelo e do capitán

³ Esta idea da importancia da gastronomía nas obras de Domingo Villar desenvolverase máis adiante no apartado 3.5.

do Xurelo. De feito, e a raíz de *A praia dos afogados*, xerouse un roteiro para percorrer os lugares reais nos que a novela está ambientada:

El Concello de Nigrán, con motivo del Día Internacional del Turismo, ofrece hoy una ruta gratuita por los escenarios de la novela "A praia dos afogados", de Domingo Villar. La visita arrancará a las 12.00 horas del Templo Votivo de Panxón y recorrerá, entre otros lugares, el puerto pesquero o la playa de A Madorra. Mañana domingo está prevista una nueva salida, esta vez para conocer varios pazos de la localidad, en la que será necesario emplear vehículos particulares. Partirá a las 12.00 horas del puente de A Ramallosa ("Ruta 'A praia dos afogados' en Nigrán" 2016).

Con el libro en la mano y si es posible con música de Grieg en los oídos, hay que adentrarse en su cementerio donde tantos marineros ahogados han encontrado su último descanso para luego asomarse a la Playa de Madorra, a Monteferro y divisar esas Islas Estelas cargadas de leyendas y misterios. Y después de tomar algo sustancioso en el Refugio del Pescador, subir a la extraña e inclasificable Iglesia Votiva que alacios diseñó antes de llenar Madrid de edificios emblemáticos como el Palacio de Comunicaciones o el Círculo de Bellas Artes (Mazorra 2011).

O autor emprega tamén os seus libros para condenar abertamente as “edificacions descontroladas”, como en *Ollos de auga* onde critica a inmensa torre construída na illa de Toralla, que segundo o seu criterio afean notabelmente a nosa terra:

Toralla era unha illa pequena. Unhas poucas mansións, praias e natureza en menos de vinte hectáreas fronte á zona residencial máis exclusiva da ría. Así e todo, o máis peculiar daquel pequeno paraíso era que, durante os anos de esplendor do feísmo urbanístico, se construíra nela unha torre de vinte plantas estragando a orixinaria harmonía que a illa conservaría até entón. Caldas sempre pensara que, de tela edificado cinco séculos antes, a visión daquela mole bastaría para espavorecer a Francis Drake e devolvelo cos seus filibusteiros a Inglaterra (OA 24).

Pues miro a Vigo y a Galicia con enorme cariño, como todos los gallegos de la diáspora. Aunque me da una rabia enorme que en una generación o dos nos hayamos cargado parte del patrimonio con edificaciones descontroladas. Es una lástima que la Galicia que vamos a legar a las generaciones venideras sea sensiblemente más fea que la que conocimos nosotros (“Entrevista con Domingo Villar” 2009).

Tamén en *A Praia dos afogados* existe esta actitude de condena por parte do autor nas novas construcións realizadas en Panxón, a vila mariñeira na que sitúa esta novela e que cada vez posúe máis e máis vivendas que quedan completamente baleiras nos meses de outono e inverno e que se habitan durante a primavera e o verán. Isto supón un

problema enorme para as xentes que todo o ano viven alí, pois están acostumados á tranquilidade e soidade, a ver sempre as mesmas caras cando pasean polas rúas desta pequena vila e cando aparece multitude de xente nova, alén de encher os establecementos (como os restaurantes, bares etc) e as praias desprazando aos habitantes anuais e habituais, incomodan e dificultan o seu traballo como é o caso por exemplo dos mariñeiros. Mai o autor tamén critica a perda de identidade arquitectónica. A seguir, móstrase un exemplo disto tirado *Da praia dos afogados* e outro correspondente a unha entrevista realizada ao autor tratando tamén sobre esta problemática:

(...) Xa viches como deixaron a vila e a praia nuns anos. Non queda rastro das dunas, non queda rastro de nada-lamentouse-. Se polo menos o fixesen ben...Antes, cando os mestres de obra construían as casas, aquí non se facía algo feo nin a propósito. Ata as vivendas mais modestas tiñan algo...Non sei a quen carallo se lle ocorrería iso de substituílos por arquitectos. Mira ti o que lograron. Vivendas racionalistas, chamábanas. E sabes o que son en realidade? Unha merda, Caldiñas, iso é o que son.

-Pois Panxón non é do peor.

Trabazo moveu unha man nun aspavento de desconformidade.

-Nas fotografías de hai trinta anos non se reconece mais que a igrexa. Ademais, como se poden levantar tantas casas nunha vila de pescadores coma esta? No verán xa non hai quen viva aquí (PA 172-173).

Escribo novelas policíacas, vertebradas por la investigación de un crimen que me sirve de excusa para reflexionar acerca de lo que sucede alrededor. En "La playa de los ahogados" se investiga la muerte de un marinero en uno de esos pequeños puertos pesqueros que en invierno, sin el ruido de los veraneantes, parecen aletargados alrededor de la lonja. Tan importante como la resolución del crimen son los oficios del mar, la soledad de los pescadores o la ancianidad; pero la narración también me permite poner el acento sobre el deterioro del entorno, o sobre la pesca intensiva que esquilma el mar. Es triste, pero algunos de los paisajes más hermosos de mi tierra ya sólo existen en la memoria de los mayores (Codeu 2016).

Como contrapunto, son os ollos de Rafael Estévez, como persoa foránea e recentemente chegada á Galiza, os que observan e perciben a beleza e particularidades únicas da nosa terra:

O pequeno cemiterio ocupaba un rectángulo contiguo a unha ermida románica. Estaba no alto dun monte zarrapicado de marelo polas xestas en flor. Catro cruces coroaban os vértices en que converxían os muros circundantes e unha reixa de ferro pechaba o camposanto. Tiveran que coller un camiño mal asfaltado para chegar arriba, a un viso dende o que se admiraban as rúas de Pontevedra e Aldán. A marea baixara e a rea mollada das praias refulxía baixo o sol.

-É bonito-comentara Estévez cando chegaban.

-Si, ademais vai un día precioso.

-Falo do cemiterio, é moi bonito.

-O cemiterio?

-Si, aquí todos o son. Non sei que teñen...Non sei se é a pedra cuberta de carriza, as cruces ou que, mais abofé que na miña terra non son así.

Caldas detívose a contemplalo. Nunca reparara na beleza dun camposanto. Cría que nun cemiterio só podía atopar acordanzas dolorosas, no entanto recoñeceu que Estévez tiña razón: aquel era fermoso (OA 93-94).

En relación co exemplo anterior de *Ollos de auga*, mentres o inspector e o seu axudante asisten ao enterro de Lois Reigosa, a Rafael Estévez chámalle a atención o epitafio escrito nunha sepultura que está perto deles:

O inspector leu o epitafio gravado no mármore que a cubría: “Aquí descansa Andrés Lema Couto, morto o 23 de xullo no mesmo mar que mo devolveu para darlle sepultura o 3 de agosto de 1981. A túa agradecida esposa estará sempre contigo”.

-Agradécelle o mar que lle levase o home?-preguntou o axente.

-Non, agradécelle que llo devolvese.

-Pero se llo devolveu morto-replicou incrédulo Estévez.

-A xente do mar coñece o risco, Rafa. Todos saben que poden morrer calquera día. O desasosego non o produce a morte, prodúceo o non ter o corpo que enterrar. Cando un barco afunde e os afogados non saen á superficie, as familias quedan en terra chorando pantasma. A muller deste home ten ao seu marido, teno aínda que sexa aquí, no cemiterio. As mulleres dos desaparecidos, non. Convértense en viúvas brancas que miran ao mar cada mañá preguntándolle polos seus. E así un día tras outro, sen atopar resposta.

-Visto desa maneira... (OA 95-96).

Cómpre destacalo porque o autor, intencionadamente ou non, fai un pequeno aceno ou chiscadelo á temática da súa seguinte novela negra: o mar e os mariñeiros.

3.3. Humor e brutalidade

Despois da lectura das novelas percibimos que son elementos relevantes nelas, como tamén pon de relevo Javier Rivero Grandoso no seu artigo “Crímenes y humor en las novelas de Domingo Villar”. Tal e como nos indica este autor, o éxito das novelas de Domingo Villar está tal vez relacionado coa perfecta simbiose realizada por parte do escritor vigués entre a intriga (característica fundamental da novela negra) e outros elementos como a descriptividade (non só da paisaxe, senón tamén da gastronomía, o xeito particular de ser dos galegos etc) e por suposto o humor, estreitamente vinculado aos tópicos galegos: “Villar profundiza en las costumbres y tradiciones de Galicia y en los personajes y las relaciones que estos mantienen entre ellos y con el entorno. La intriga policíaca es, en ocasiones, una excusa para explorar el comportamiento de las personas” (Rivero Grandoso 2010: 110).

Os crimes adoitan ser cruentos, destacando sobre todo o do primeiro finado na novela *Ollos de auga*, Lois Reigosa, por morrer de maneira lenta e terriblemente dorosa a causa do formol. Mais non é o único, xa que o primeiro morto de *A praia dos afogados*, Xusto Castelo, morreu maniatado e afogado logo de levar un forte golpe na cabeza. Porén, o autor emprega elementos humorísticos para suavizar a tensión provocada pola brutalidade dos crimes:

La intención del autor gallego es divertir al lector, y estas escenas humorísticas sirven de contrapunto a la seriedad y el dramatismo propio de los crímenes que se relatan. Así se rebaja la tensión asociada a una narración de intriga, con el elemento cómico como recurso que escogen muchos de los escritores españoles actuales de novela policíaca (Rivero Grandoso 2011: 114).

Un dos métodos empregados para provocar comicidade é a participación do investigador Leo Caldas no programa de radio “Patrulla nas Ondas”, que tal e como se nos di no artigo de Javier Rivero ten “una intencionalidad crítica hacia la recepción de los

medios de comunicación, que desvirtúan la labor, e incluso la identidad, del protagonista” (Rivero Grandoso 2011: 111).

Outro dos métodos humorísticos, quizais o máis importante, é o uso dos tópicos. Para isto o escritor vigués emprega a Rafael Estévez, o compañeiro do investigador, que se está a adaptar ao xeito de ser tan particular dos galegos. A través dos seus ollos enxalza as diferenzas culturais mais tamén paisaxísticas. En palabras do autor:

A miña visión é máis ou menos a mesma que tiven sempre. Gústame a miña terra e a xente que vive nela, e o feito de levar moitos anos lonxe non fixo outra cousa que reforzar esa idea. A visión que ten o aragonés non é de todo inventada: a miña muller é aragonesa coma Estévez. Ela fixome ver que algúns dos tópicos teñen un fondo de realidade (“Literatura Galega do Século XX e da Actualidade: Domingo Villar” 2013).

Tengo un amigo que sostiene que detrás de los estereotipos colectivos se esconden verdades rotundas. El ayudante de Leo Caldas acaba de instalarse en Galicia y observa su nuevo destino con ojos de recién llegado. Como autor me permite explicar las costumbres de mi tierra con naturalidad: a la vez que los personajes revelan al forastero aquello que no conoce o no entiende, yo se lo estoy contando al lector (Cordeu 2016).

Tal e como nos explica Rivero Grandoso, os tópicos non son empregados en todos os personaxes, recalcando con isto que, como todos os ditos, algunhas veces son acertados e outras tantas non, pois nunha comunidade a homoxeneidade rotunda non existe, xa que hai milleiros de persoas e personalidades e non todos obedecen ás mesmas características:

Villar esboza unos rasgos sociológicos de los gallegos muy cercanos a los tópicos que se mantienen en toda España: la indecisión, la ambigüedad, la costumbre de responder a cualquier pregunta con otra. Aunque a priori pueda parecer que el empleo de estos estereotipos produce una simplificación de la realidad y, por tanto, resta valor a las obras, lo cierto es que debemos recalcar que esta estrategia se emplea, fundamentalmente, de forma humorística, y no en todos los personajes, ya que, por ejemplo, Caldas no suele ser ambiguo con su compañero. De hecho, a través de las novelas de Villar se entiende que, si el tópico se cumple, es solo en parte, por lo que no es posible generalizar (Rivero Grandoso 2011: 112).

É Estévez o que leva o público lector ao riso coas súas respostas cortantes e malhumoradas perante situacións e conversas cotiás que a nós nos resultan completamente normais:

–Sabemos como morreu? –interrogou Rafael Estévez dirixíndose ao doutor.

–Reigosa? –preguntou Guzmán Barrio.

–Non, Lady Di –cortou Estévez.

–Non fagas caso, Guzmán, Rafael é así de simpático –interveu Leo Caldas, reprendendo ao seu axudante cunha mirada censuradora–. Xa sabes como morreu? (OA 33).

Na segunda das novelas o humor focalízase non tanto nas ambigüedades senón máis ben nas supersticións. Estas tamén forman parte da nosa tradición e tamén son satirizadas aquí por Rafael Estévez, o cal non as entende e se enfurece cada vez que algún mariñeiro cuspe no chan para espantar o mal augurio. Cómpre resaltarmos que, contrariamente o esperado, aínda que Caldas é directo e polo tanto non cumpre o tópico da ambigüidade, si se nos mostra supersticioso *n’A praia dos afogados*, mais acaba por desbotar a súa imposible teoría inicial na que inculpaba ao “fantasma” capitán do “Xurelo” (pois xa levaba morto varios anos), como o asasino de Xusto Castelo.

En conclusión, o humor é empregado como contrapunto á brutalidade dos crimes, empréganse para iso entre outros os tópicos relacionados cos galegos, mais como ben nos indica Javier Rivero:

(...) la intención de Villar no es satirizar al personaje ni mucho menos las costumbres gallegas, sino mostrar la mentalidad de esta región a través de la mirada de un personaje foráneo, que puede señalar y sorprenderse por las diferentes maneras de ser y de comportarse respecto a su lugar de origen. Para ello el escritor asume los estereotipos ligados a Galicia, y lejos de criticarlos, los defiende como parte de la composición de sus personajes y los contrasta con Estévez, el personaje aragonés que se ve de repente frente a los tópicos gallegos que le cuesta tanto soportar (Rivera Grandoso 2011: 115).

3.4. Elementos paratextuais

No referente aos elementos paratextuais, o máis salientábel é quizais os encabezamentos dos capítulos, procedemento común en ambos os libros. Todos os capítulos son de carácter breve (non superan as dez páxinas) e iníciáanse cunha palabra destacada en negra, seguida das súas acepcións. Dita palabra aparece sempre ao longo do capítulo e,

evidentemente, só unha das acepcións se corresponde co que se nos está a narrar. Con isto, o autor pretende resumir ou condensar nunha soa palabra todo o que vai acontecer nese capítulo, “es una forma de realzar el lenguaje y también un juego, pues las palabras polisémicas que titulan cada capítulo siempre están escondidas en el texto” (Cordeu 2016).

O libro *Ollos de auga*, cuxa capa está ilustrada a partir dunha fotografía de Luís Rueda, consta de 140 páxinas mais unha nota do autor, mencionada previamente. *A praia dos afogados*, con capa baseada nunha fotografía de Raniero Fernández, presenta algo máis de 500 páxinas. A diferenza máis salientábel entre ambos libros é a extensión, pois mentres que en *Ollos de auga* se resolven dous crimes actuais, na *Praia dos afogados* trátanse un actual, acontecido na vila mariñeira de Panxón, e outros dous cometidos no ano 1996 na vila de Aguiño e nas súas proximidades, o de Rebeca Neira e o do patrón do ‘Xurelo’, o capitán Sousa.

3.5 Outros

Non podemos deixar de facer mención a varios elementos que consideramos relevantes pola súa constante presenza en ambas novelas, como son as referencias musicais, radiofónicas, artísticas, literarias e gastronómicas.

No libro *Ollos de auga* o falecido Lois Reigosa era saxofonista de jazz, e xa desde a primeira páxina da obra é evocada a canción de Billie Holiday que leva por nome *The man I love*, cuxo estribillo é reproducido aquí e tamén na última das páxinas do libro, neste caso interpretado por Iria Ledo, amiga e compañeira do desaparecido Lois Reigosa:

Someday he'll come along

The man I love

And he'll be big and strong

The man I love.

(OA 10, 241).

As alusións á música e ao jazz son constantes en boa parte da novela, como vemos neste fragmento, que describe a disposición dos discos compactos na casa de Reigosa na torre da illa de Toralla:

Na librería de obra do salón ordenábanse centos de discos compactos, practicamente todos de jazz, en cinco grandes andeis. Os da repisa superior eran de vocalistas femininas, e os tres do medio constituían unha colección sobranceira decicada por completo a saxofonistas. Xunto a moitos nomes descoñecidos, o inspector descubriu outros que lle resultaban moi familiares, como Sonny Rollins, Lester Young ou Charlie Parker.

No estante inferior aliñábanse multitude de partituras. Leo Caldas escolleu unha ao chou, que resultou ser *Stella by Starlinght* para saxo tenor, de Victor Young. Coñecía aquela peza, tñña na casa nunha versión de Stan Getz (OA 41).

O segundo dos capítulos leva por título “Sintonía” e vincula a presenza musical xunto coa radiofónica na novela. Aquí preséntasenos por vez primeira “Patrulla nas ondas”, un programa de radio emitido en Onda Vigo, presentado por Santiago Losada e no que Leo Caldas participa atendendo as queixas da veciñanza viguesa. Estas protestas en case todos os casos eran competencia da policía municipal, non súas, de feito o inspector anota sempre na súa libreta o número de queixas que lle corresponden aos outros e a el coa tipoloxía “Municipais X, Leo cero”, como medio para expresar a súa incapacidade para solventar os problemas. Alén diso, comeza a ser máis recoñecido polas xentes por mor desa participación radiofónica, que tanto aborrece, do que polo seu traballo como investigador criminal, o cal lle desagrada, como vemos nestes fragmentos, un tirado de *Ollos de auga* e outro dunha entrevista:

-Espéranos don Ramón Ríos. Son o inspector Caldas, da comisaría de Vigo.

-O inspector Caldas?

-Si-corroborou.

-É vostede o inspector Leo Caldas, o patrulleiro das ondas?

-O patrulleiro en persoa-confirmoulle Estévez, asentindo escandalosamente.

-Leo Caldas...Non o podo crer, non perdo un programa seu. Na radio da caseta sempre temos sintonizada Onda Vigo-o garda introduciu medio corpo pola xanela e tendeu a man-.O que son as cousas, pola voz semellábame que era vostede un home de máis idade.

-Sinto decepcionalo-dixo Caldas, estreitándolle a man sen chegar a comprender como lle podía gustar a alguén o programa (OA 72).

Noutro sentido, é na tarberna o “Elixio” onde se mesturan o gastronómico, o artístico e o literario nunha combinación perfecta:

Des que varias décadas atrás Elixio collera o establecemento, as súas paredes de pedra viñan sendo o refuxio do máis excelso da cidade. A redacción do diario El Pueblo Gallego, a poucos metros, ateigara a taberna de xornalistas atraídos polo bo viño da casa. Aos poucos, achegáranse á estufa de ferro do local xuristas, intelectuais, políticos, poetas e pintores.

Dende o seu curruncho, Lugrís debuxara medusas, cabaliños de mar e barcos mergullados no mármore da mesa. Algúns dos seus colegas, tan longos de talento na paleta coma escasos ce folgos na carteira, deixaran o sei legado nas paredes do local vencellándoas para sempre á arte galega do século XX. Uns fixéranos en sinal de amizade, outros para satisfaceren as cuncas bebidas ao fiado.

Xunto aos bocois de carballo aliñados no chan irregular, conversaran Álvaro Cunqueiro, Castroviejo, Blanco Amor e outros homes senlleiros. Os seus parlamentos tabernarios deran lustre ao gris industrial no que a cidade estaba a medrar neses anos.

Borobó fabulaba nunha das súas crónicas o final daqueles tempos. Contaba que o Señor, sabendo que os salmóns se extinguirán nos ríos galegos, convidara a don Álvaro as mesas máis elevadas. Os demais, pensando que era de balde, acompañaran ao escritor. Para regaren o banquete chamaran polo viño dende enriba. Coñécese que Elixio, con tantos amigos na esmorga, non tivera outra que acudir a servilo. A crónica non o dí, nin Elixio regresou xamais para contalo, mais pénsase que non foi de moi bo humor (OA 46-47).

Outras referencias literarias son, por exemplo, as que veñen da man doutros escritores como Camilo José Cela: “Caldas notou un leve tremor no falar do home. En *La colmena*, Camilo José Cela relacionaba o medo cunha vibración lixeira no beizo inferior. Dende a súa lectura, moitos anos atrás, Caldas tiña comprobado en moitas ocasións o acertado daquela descrición” (OA 85). Tamén a obra do filósofo alemán Georg Wilhelm Friedrich Hegel cobra unha grande relevancia na primeira das novelas, actuando como unha peza chave para a resolución do crime:

(...) Logo, seguindo co seu meticuloso plan, Mercedes Zuriaga deixou un libro de Hegel, cunha frase referida á dor e ao arrepentimento subliñada levemente, xunto ao leito do moribundo Reigosa, que se retocía polo atroz sufrimentos que lle causaba o formol ao espallarse no interior do seu corpo.

(...) Ao día seguinte, na súa visita diaria por motivos profesionais a Fundación Zuriaga, Isidro Freire chamou a Onda Vigo dende un dos teléfonos do vestíbulo coa intención de participar en Patrulla nas ondas. Así que estivo en antena, leu en dúas ocasións a frase que fora subliñada no libro de Hegel. Despois colgou.

Só tiñan que agardar a que, unha vez examinado o libro, Leo Caldas, o famoso patrulleiro, lembrase aquela chamada enigmática ao seu programa, atase cabos, e relacionase o crime coa Fundación Zuriaga, e ao seu esposo co saxofonista (OA 238).

Na segunda obra de Domingo Villar, *A praia dos afogados*, este tipo de referencias artísticas e musicais acadan aínda unha maior presenza, comezando por exemplo pola sintonía que Santiago Losada decide incluír nas intervencións do inspector cando está a pensar nunha resposta axeitada para o veciño ou veciña que expón a súa queixa. A Leo desagrádalle profundamente esta música porque provoca a súa distracción, mais semella que ao resto das persoas lles gusta, como podemos apreciar nos dous exemplos a seguir:

Mentres trataba de ofrecerlle unha saída ao oínte, Caldas viu como Santiago Losada lle facía unha indicación ao técnico de son. Nos seus auriculares comezou a soar unha melodía de fondo que semellaba máis adecuada para uns debuxos animados que para un consultorio policial. Aquela música despistouno, e tivo que volver mirar o letreiro co nome do oínte antes de dirixirse a el.

(...) Ocorréuseme poñer unha sintonía para os momentos en que estás a pensar.

-Como?

-Para amenizar a espera á audiencia. É só mentres pensas-repetiu, convencido da idoneidade daquela melodía.

Caldas estaba abraiado. Se non lle paraba os pés a aquel tarambaina, o seguinte sería celebrar cada unha das súas respostas con toques de corneta.

-E non se che ocorreu que pode servir precisamente para o contrario? Que é posible que unha musiquiña coma esa me distraia cando teño que reflexionar?-dixo Leo Caldas. Ademais, que é iso de mentres penso? Que carallo cres que fago o resto do tempo?

-Mira, Leo, se te vas poñer así quedas sen melodía e fóra. (PA 47-48).

-Por certo, gustounos a música nova que poñedes cando pensas.

Caldas estivo a piques de colgar o teléfono.

-Ah, si?

-Si, moito-asegurou o pai. Paréceme un acerto, e ao teu tío tamén. Foi idea túa?

Caldas levou o cigarro á boca para non contestar (PA 69).

Outra das melodías presentes na obra é a “Canción de Solveig” de Grieg, que Xusto Castelo tiña por costume asubiar desde neno. Foi precisamente o abandono deste hábito o que fixo que a súa irmá intuíse que algo ía mal:

-Sabe cal é a “Canción de Solveig”?-preguntou.

Caldas non tiña nin idea e ergueu as cellas nun xesto que podía significar calquera cousa.

-É unha melodía nórdica, pero parece unha canción galega-explicou a muller-. Ensinounola cando eramos rapaces un home de Madrid ao que a miña nai lle alugaba a nosa casa durante os veráns (...) (PA 125-126).

No ámbito artístico destaca a presenza do mar e de todo o que ten a ver con el:

Sentou a esperar polo sacerdote nun banco próximo ao altar, e entretívose contemplando os mosaicos que decoraban as bóvedas e a parte alta do presbitero. Había representacións de santos aparecéndose a náufragos, e outras escenas relixiosas e mariñeiras (PA 199).

A seguir, a gastronomía, como xa se comentou anteriormente, posúe unha enorme importancia. Tanto en *Ollos de auga* como n’*A praia dos afogados* os protagonistas, en múltiples ocasións, sobre todo Leo Caldas, aparecen desfrutando dunha comida ou bebida tipicamente galega e de alta calidade e sabor. O pai de Leo e tamén un dos tripulantes do barco afundido anos atrás coñecido como o “Xurelo”, Marcos Valverde, dedícanse ao cultivo do viño. De feito no capítulo tres d’*A praia dos afogados* que leva por título “Pendente”, Leo recorre os viñedos do seu pai, recoñecido por vender un viño branco de alta calidade. Alén disto, o compañeiro do inspector, Rafael Estévez, mostra o moito que lle agrada a leituga cultivada en terras galegas:

Non reservaban mesas e había demasiada xente de pe no paseo, a poucos metros, observando os que comían agardando que alguén deixase unha mesa libre para lanzárense sobre ela como gaivotas alborotadas.

-Nesa-sinalou a da dereita, aínda que ben puido escoller a outra. Conformábase con saber que o paseo estaba libre de veraneantes.

Na terraza apenas había dúas mesas ocupadas. Sentáronse nunha afastada das demais e logo de ler a carta decidiron compartir unha tortilla de patacas e un prato de polbo guisado con ameixas.

-E dúas copas de viño branco-dixo Caldas.

-E trae tamén unha ensalada- pediu o aragonés antes de que o camareiro marchase para a cociña.

Ultimamente o seu axudante insistía en pedir ensaladas.

-Estás a réxime?

-Non-asegurou-. E que aquí teñen unha leituga das boas.

-Aquí?

-En Galicia.

-Ah (PA 155).

En suma todos estes elementos pertencentes ao ámbito musical, radiofónico, artístico, literario e gastronómico son unha constante en ambas novelas e por iso se considerou relevante que ficasen aquí analizados.

4. A película *A praia dos afogados*, de Gerardo Herrero

O filme baseado na novela *A praia dos afogados* estreouse o nove de outubro do ano 2015, seis anos despois da publicación do libro. Contou coa produción de Carlos Rodríguez, foi dirixido por Gerardo Herrero –(re)coñecido por ter levado ao cinema diversas novelas–, e tivo como guionistas a Felipe Vega e ao propio Domingo Villar. Os actores que interpretan aos protagonistas foron, por unha banda, o leonés Carmelo Gómez que deu vida ao investigador Leo Caldas e o sevillano Antonio Garrido, que interpretou o papel de Rafael Estévez. No filme, participaron tamén actrices e actores galegos como Luis Zahera, Celia Freijeiro, Celso Bugallo, Marta Larralde, Pedro Alonso, Tamar Novas, Fernando Morán ou Carlos Blanco.

O director e os guionistas, enténdense que para a mellor comprensión da historia xeral e particular de cada un dos asasinatos, deciden realizar unha división por historias que resulta non coincidente coa novela. Deste xeito, a primeira é a do rubio, a segunda é

a que trata sobre o capitán Sousa, a terceira das historias é a da tripulación do Xurelo e finalmente a cuarta historia, leva por título Rebeca.

En xeral o filme móstrase fiel a novela mais hai moitos elementos e mesmo personaxes que non figuran por ningures. Non aparece nada en referencia a radio na que o inspector Leo Caldas colabora asiduamente no programa “Patrulla nas ondas” e si se mostra a taberna do Elixio e a Carlos, mais non aos catedráticos que sempre a frecuentan, por exemplo.

A reestruturación fílmica que realiza esta división por historias, lonxe de axudarnos a interpretarmos correctamente o que acontece e de xeito lineal, resulta confusa. Tres das catro historias fan referencia aos dous mariñeiros asasinados e á asasinada, contan as súas historias, quen eran e que lles pasou. Mais a que se sitúa en terceiro lugar, a da tripulación do Xurelo, fai referencia a un acontecemento pasado, que talvez estaría mellor traído noutro formato, no do *flashback*, mais non como unha historia máis, xa que fica atemporal e resulta complicado de entender.

Rafael Estévez no filme fala en castelán e xa desde o primeiro momento podemos apreciar a súa brutalidade e a referencia a un “tópico” galego: “la gente de aquí habla para no decir nada”. Alén do axente Estévez, a muller de Valverde –madrileña que reside actualmente en Panxón– e Clara Barcia –axente da UIDC, galega–, tamén falan en español ao longo de toda a película. Con respecto á lingua, está moi pouco coidada. É un galego moi españolizado e hai moitas personaxes que falan directamente en español e todos mudan ao castelán sempre ao falar con Rafael Estévez, a pesar de que xa leva un tempo na Galiza e seguramente sería quen de entender correctamente o galego. Isto resulta sorprendente se o comparamos coa novela, xa que en ningún momento o autor vigués mestura ambas linguas. Talvez os guionistas propuxeron este hibridismo lingüístico para imitar a realidade da lingua na Galiza. Mais carece de sentido que o papel

principal, o de Leo Caldas, sexa outorgado a un actor leonés e non galego, xa que aínda que lle hai que salientar o esforzo realizado polo actor Carmelo Gómez ao falar unha lingua que non é a súa, percíbese ás claras que non fala habitualmente o galego e fica moi españolizado. Tampouco ten sentido que outras actrices e actores galegos que figuran no reparto falen en castelán ou muden ao castelán cando se dirixen a Estévez.

En conclusión, aínda que o filme tivo boa acollida e crítica e temos que ter en conta que a adaptación de unha novela tan longa e sobre todo con tantas personaxes, saltos temporais, pequenos detalles etc, non resulta doada, non fai xustiza á novela.

5. Conclusións

Neste estudo procuramos unha análise completa das dúas primeiras novelas do escritor vigués Domingo Villar: *Ollos de auga* e *A praia dos afogados*. Ambas pertencen á denominada novela criminal ou novela policial, polo que consideramos preciso comezar falando das orixes e evolución deste xénero literario, primeiramente nun plano xeral e universal e seguidamente en ámbito galego. A seguir, constatamos como en ambas obras aparecen os elementos que conforman o canon deste subxénero narrativo: o detective solitario, a denuncia social, os crimes etc.

Ao representaren *Ollos de auga* e *A praia dos afogados* dúas entregas dos casos de Leo Caldas, fixemos unha análise pormenorizada dos elementos coincidentes e disidentes entre ambas e observamos, con isto, a importancia que lle dá, o autor ao humor, á gastronomía ou á paisaxe etc. Alén disto, cómpre mencionar que a segunda novela, moito máis ampla en termos de extensión do que a primeira, desenvolve en maior medida a caracterización dos personaxes –nomeadamente dos protagonistas, o inspector Leo Caldas e o seu axudante Rafael Estévez–, así como a investigación dos crimes, transportándonos a unha secuencia cronolóxica pasada para explicar o acontecido no presente.

Finalmente, realizamos unha análise sintética da versión cinematográfica de *A praia dos afogados*, baseada no libro do escritor vigués.

En suma, puidemos observar unha notable evolución entre a primeira e a segunda novela, consideradas ambas pola crítica de grande calidade e levando ao autor Domingo Villar a unha posición central no campo literario deste xénero non só na Galiza, senón en todo o mundo.

6. Bibliografía

“Entrevista con Domingo Villar” (2009), *El País*. Disponible en <https://elpais.com/cultura/2009/08/05/actualidad/1249484400_1249489959.html> [consult. 11.07.2017].

“Galicia se abre al mundo a partir de la traducción de sus obras literarias” (2017), *El progreso*. Disponible en <<http://elprogreso.galiciae.com/noticia/496616/galicia-se-abre-al-mundo-partir-de-la-traduccion-de-sus-obras-literarias>> [consult. 11.07.2017].

“Literatura Galega do Século XX e da Actualidade: Domingo Villar” (2013). Disponible en <<https://www.slideshare.net/Asnosasletras/domingo-villar-15929290?ref=https://mj89sp3sau2k7lj1eg3k40hkeppguj6j-a-sites-opensocial.googleusercontent.com/gadgets/iframe?url=http://www.gstatic.com/sites-gadgets/iframe/iframe.xml&container=enterprise&view=default&lang=es&country=ALL&sanitize=0&v=eecb4afe5244b4b&libs=core&parent=https://sites.google.com/a/iesgarciabarros.org/literatura-galega-do-s/entrevistas-12-13/omingovillar>> [consult. 11.07.2017].

“Ruta ‘A praia dos afogados’ en Nigrán” (2016), *Faro de Vigo*. Disponible en <<http://www.farodevigo.es/comarcas/2016/09/24/ruta-praia-afogados-nigran/1538921.html>> [consult. 11.07.2017].

Baena, Ana (2014): “Vigo, ciudad de inspiración literaria”, *Atlántico*. Disponible en <<http://www.atlantico.net/articulo/cultura/vigo-ciudad-inspiracion-literaria/20141117100243446500.html>> [consult. 06.07.2017].

- Cordeu, Mora (2016): “El escritor Domingo Villar presenta en la Feria una literatura negra y nostálgica”, *Télam*. Disponible en <<http://www.telam.com.ar/notas/201604/144517-cultura-literatura-feria-libro-buenos-aires.html>> [consult.01.07.2017].
- Feijoo Morote, Javier (2016): “Análisis de la contextualización en la novela policiaca de Ramiro Pinilla: el Getxo de posguerra”, *Pasavento: Revista de Estudios Hispánicos* IV n.1, 17-37.
- Fuente, María Jesús (2015): “El Eligio se despide del público”, *La voz de Galicia*. Disponible en <http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/vigo/2015/01/20/eligio-despide-publico/0003_201501V20C3991.htm#.VL498yrlpM4.twitter> [consult. 25.06.2017].
- Galán Herrera, Juan José (2008): “El canon de la novela negra y policiaca”, *Tejuelo* 1, 58-74.
- González Gómez, Xesús (2002): *A novela policial* (Santiago de Compostela: Edicións Laiovento).
- Mazorra, Javier (2011): “La Vigo del inspector Leo Caldas”, *El Mundo*. Disponible en <<http://viajes.elmundo.es/2011/02/25/espana/1298625980.html?pestanas=1>> [consult. 26.06.2017].
- Míguez, María (2010): “Domingo Villar: 'Es más fácil entender la historia de España leyendo a Vázquez Montalbán'”, *El mundo*. Disponible en <<http://www.elmundo.es/elmundo/2010/10/03/galicia/1286130050.html>> [consult.03.07.2017].

Rivero Grandoso, Javier (2011): “Crímenes y humor en las novelas de Domingo Villar”,
Madrygal, 109-116.

Rodríguez, Carlos & Herrero, Gerardo (produtores) e Herrero, Gerardo (director) (2015):
La playa de los ahogados [Cinta cinematográfica] (Barcelona: Cameo / Tornasol
Films).

Villar, Domingo (2006): *Ollos de auga* (Vigo: Galaxia).

Villar, Domingo (2009): *A praia dos afogados* (Vigo: Galaxia).

Villar, Domingo (2010): “El último verano de Paula Ris”, *El país*. Disponible en
<https://elpais.com/diario/2010/08/22/eps/1282458411_850215.html> [consult.
10.07.2017].